

**DOCUMENTO DE FORMALIZACIÓN: CONTRATO DE SERVICIOS DO
PROGRAMA LÚDICO-EDUCATIVO DE APERTURA DE CENTROS
EDUCATIVOS PÚBLICOS FORA DO HORARIO LECTIVO NO CEIP DE
SILLEDA**

En Silleda, o día 8 de setembro de 2015

D^a. Ana Luisa González Costa, en substitución do Alcalde do Concello de Silleda (Decreto do 04/09/2015) con D.N.I. núm. 76827209X, na representación da devandita Corporación.

E D. Avelino Palmou López con D.N.I. 44486886X na representación da empresa Maisescola XXI, actividades deportivas, culturais e de ocio, SC, co C.I.F. J32423436 e enderezo para notificacións en Lugar Laxas, núm. 42, O Irixo (Ourense)

A finalidade deste acto é formalizar o CONTRATO de SERVICIOS DO PROGRAMA LÚDICO-EDUCATIVO DE APERTURA DE CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS FORA DO HORARIO LECTIVO NO CEIP DE SILLEDA, que lle foi adxudicada á empresa comparecente mediante resolución da Alcaldía do 08/09/2015 logo da seguinte tramitación:

Visto que se aprobaron, mediante acordo desta XGL do día 29/07/2015, o expediente e os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas para a adxudicación do contrato de servizos do PROGRAMA LÚDICO-EDUCATIVO DE APERTURA DE CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS FORA DO HORARIO LECTIVO no CEIP de Silleda, por procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, con varios criterios de adxudicación e tramitación urxente, e visto que tamén se procedeu a autorizar o gasto que supón a súa adxudicación.

Visto que o día 05/08/2015 foi publicado un anuncio de licitación por prazo de OITO DÍAS no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra*, e no perfil de contratante do órgano de contratación, co fin de que os interesados presentasen as súas proposicións.

Visto que durante a licitación foron presentadas as seguintes proposicións:

1. Núm. de rexistro de entrada: 3677. Empresa: LiiBéLuLa, SC.
2. Núm. de rexistro de entrada: 3690. Empresa: Asociación para o Desenvolvemento Social da Comarca do Deza – ACODE.

3. Núm. de rexistro de entrada: 3767. Empresa: Maisescola XXI, actividades deportivas, culturais e de ocio, SC.
4. Núm. de rexistro de entrada: 3777. Empresa: Conforocio Consultora, SL.

Visto que, logo de declarar excluída a proposición de Conforocio Consultora, SL, por non cumprir co establecido no artigo 60 apartado d) do TRLCSP e da apertura dos sobres coa documentación correspondente aos criterios de valoración subxectiva, todo elo na sesión do 25/08/2015, e da recepción do informe de valoración técnica, a mesa de contratación que tivo lugar o día 31/08/2015 procedeu á apertura dos sobres coa documentación correspondente aos criterios de valoración obxectiva e oferta económica, e realizou unha proposta de clasificación das ofertas pola orde decrecente de puntuación.

Polo exposto, e de acordo coa dita proposta, ao abeiro da disposición adicional segunda e o artigo 151.3 do TRLCSP, a Xunta de Goberno Local, na sesión que tivo lugar o 1 de setembro de 2015, acordou deixar excluída a proposición de Conforocio Consultora, SL e clasificar as proposicións presentadas polos licitadores atendendo á proposta levada a cabo pola mesa de contratación, segundo a seguinte orde decrecente:

1. Maisescola XXI, actividades deportivas, culturais e de ocio, SC.: 8,0500 puntos.
2. Asociación para o Desenvolvemento Social da Comarca do Deza – ACODE: 7,8874 puntos.
3. LiiBéLuLa, SC.: 7,3318 puntos.

No prazo outorgado ao efecto, a empresa Maisescola XXI, actividades deportivas, culturais e de ocio, SC, presentou a documentación acreditativa da posesión e validez dos documentos esixidos no punto primeiro do artigo 146 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, así como a documentación xustificativa de estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou que autorice o órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso, de dispoñer efectivamente dos medios que se comprometese a dedicar ou adscribir á execución do contrato, de acordo co artigo 64.2 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, e de ter constituído a garantía definitiva que sexa procedente.

Polo exposto, ambas partes formalizan, en calidade de adxudicador e de adxudicatario, este contrato de servizos, e o formalizan neste documento administrativo segundo as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. D. Avelino Palmou López, na representación da empresa Maisescola XXI, actividades deportivas, culturais e de ocio SC, comprométese a executar o servizo do PROGRAMA LÚDICO-EDUCATIVO DE APERTURA DE CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS FORA DO HORARIO LECTIVO NO CEIP DE SILLEDA segundo os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas particulares que figuran no expediente, así como de conformidade coa oferta presentada e que foi determinante da adxudicación ao seu favor, documentos contractuais que adopta incondicionalmente e sen reserva alguna, e do que deixa constancia asinando neste acto a súa conformidade.

SEGUNDA. O prezo do contrato, IVE incluído, é de CIENTO CINCUENTA MIL EUROS (150.000 €), que serán aboados segundo se dispón no prego de condicións administrativas que se xunta como anexo a este documento.

TERCEIRA. A duración do contrato será de CATRO (4) ANOS, con efectos desde o comezo do curso escolar do 2015, de luns a venres, agás festivos e non lectivos.

CUARTA. D. Avelino Palmou López, na representación da empresa Maisescola XXI, actividades deportivas, culturais e de ocio SC, presta a súa conformidade ao Prego de Condicións que se xunta, que é documento contractual, asinándolo neste acto, e se somete, para canto non se atope establecido nel, aos preceptos do Texto Refundido da Lei de Contratos aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, o *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público*, e o Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas en todo o que non se opoña ao Texto Refundido da Lei de Contratos e estea vixente logo da entrada en vigor do Real Decreto 817/2009; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Este contrato esténdese en dous exemplares no lugar e data ao principio mencionados.

O Alcalde,

Pola empresa contratista
(o Administrador),

Ana Luisa González Costa

Avelino Palmou López

A Secretaria

María Cacharro López